

abrapalabra
creacións escénicas

PRESENTA A:

Cándido Pazó en



MEMORIA DAS
**Memorias dun
neno labrego**

monólogo escénico-narrativo sobre o libro de

Xosé Neira Vilas


no 50 aniversario da súa primeira publicación



En 1961 publicouse en Buenos Aires un dos libros máis sobranceiros da literatura galega. O máis editado, lido e traducido. O que todos lembramos con tenrura. O que todos asociamos con algunha vivencia propia ou herdada.

Estamos perante unha importantísima celebración para a cultura galega:

O 50 aniversario da 1ª edición das **Memorias dun neno labrego**



As “Memorias” deixaron en centos de miles de persoas un farturento pouso emotivo. A memoria dunha sociedade que nestes últimos 50 anos foi deixando de ser eminentemente rural para iniciar unha longa travesía cara a un universo urbano, nunha viaxe chea de interseccións e mestizaxes que explican a nosa moderna identidade. Un universo de antigos nenos labregos. Ou fillos, netos, bisnetos, tataranetos de nenos labregos. Habitantes das leiras de asfalto, ou das aldeas da memoria, que por moito que se laven sempre terán a alma lixada de terra.



MEMORIA DAS

Memorias dun neno labrego



teatro contado ou conto teatralizado

Un espectáculo emotivo e divertido que combina a experiencia de Cándido Pazó como autor, actor e director, coa súa recoñecida traxectoria como contador de historias e monolguista.

A estilización formal do teatro e a comunicación fresca e directa do monólogo cómico e a xografía oral, na senda de Darío Fo, El Brujo, Pepe Rubianes...

videocreación

Un espectáculo de gran atractivo visual, apoiado por un coidado traballo de videocreación que, combinado cunha elaborada iluminación, debuxa unha suxestiva escenografía das emocións.



música orixinal

Un espectáculo no que cada momento e cada situación ten a súa sonoridade da man dunha proposta musical composta para a ocasión.

en tempo de crise

Un espectáculo unipersoal, asequíbel economicamente, mais que colma as esixencias da máis coidada programación de teatro ou auditorio.

Cándido Pazó

Autor, guionista, director de escena, actor e contador de historias: cómico.

Algúns dos espectáculos escritos ou dirixidos por el: *O Melro Branco* (Premio Xeración Nós 1989)

Commedia, un xoque para Goldoni (Premio Compostela 93, Premio de la Crítica del País Valenciano 1994 e Premio da A.I.T.A. 1995), *Nano* (Premio María Casares Mellor Adaptación 1999, Premio María Casares Mellor Dirección 1999), *O bululú do linier* (Premio María Casares Mellor Texto Orixinal 2000), *Ñiqui-Ñaque* (Premio Max 2002), *Bicos con Lingua* (Premio María Casares Mellor Texto Orixinal 2004), *García* (Premio María Casares Mellor Texto Orixinal 2005), *Emigrados* (Premio Max 2008) *A piragua* (Premio María Casares Mellor Texto Orixinal 2008), *E ti quen vés sendo?* (nominado Premios Max 2009), *Historias Tricolores*, ou *de como aqueles animalíños proclamaron a república*



En directo ou en radio e televisión, é asiduo dos locais onde se programan todo tipo de espectáculos orais: historias, contos, humor, monólogos, narración... Está presente en numerosos eventos e festivais internacionais de oralidade de España, Portugal, Polonia, Alemaña, Bélxica, Suíza, São Tomé e Príncipe, Colombia, Venezuela, Uruguai, Chile, Cuba e Brasil. Seleccionado polo Fórum Barcelona 2004 para facer temporada no seu espazo dedicado á oralidade.



Adaptación e textos complementarios **Cándido Pazó**

Cómico - narrador **Cándido Pazó**

Escenografía, vestuario, atrezzo

Iluminación

Música orixinal

Videocreación

Construción escenografía

Deseño gráfico

Carlos Alonso
Afonso Castro
Manuel Riveiro
Nano Besada Caneda e Ruben Vidal "Zé"
David Fuentes
Alberto Gende

Axudante de dirección

Produción

Dirección escénica adxunta

Afonso Castro
Belén Pichel
Avelino González

DIRECCIÓN

CÁNDIDO PAZÓ

Contratación
 Belén Pichel
981511796
605263755
 bpichel@yahoo.es

Unha produción

abrapalabra
 creacións escénicas